

MANIFESTO CONCENTRACIÓN MUFACE - 11/12/2024

MUFACE solución xa

A nosa saúde non é unha mercadoría!

Non somos reféns!

Unidos polo teu benestar, comprometidos coa saúde!

POR UNHA ASISTENCIA SANITARIA DE CALIDADE PARA 1,5 MILLÓNS DE EMPREGADAS E EMPREGADOS PÚBLICOS

A asistencia sanitaria de máis de 1.500.000 funcionarias e funcionarios está seriamente comprometida, tras a renuncia das aseguradoras para acudir ao concerto sanitario de MUFACE.

Por unha banda, esiximos celeridade ao Goberno para pechar un novo convenio e poñer sobre a mesa un Plan de viabilidade para a asistencia sanitaria do funcionariado público. Por outro, denunciaremos a unhas aseguradoras insaciáveis que, co argumento de que o modelo MUFACE está “infra financiado”, queren aumentar os seus beneficios económicos á conta do Estado, e á conta da “selección de riscos”, é dicir, á conta de derivar á sanidade pública os casos máis graves e caros de atender. E, no medio, nun fogo cruzado, os/as mutualistas e os seus beneficiarios, aos que, utilizados como reféns, pónselles en risco a súa propia saúde.

Reclamamos ás aseguradoras a necesidade de alcanzar un acordo, priorizando a debida atención sanitaria das persoas mutualistas a réditos económicos que puxesen en perigo a nova licitación.

Esiximos que se concrete canto antes un acordo estable, razoable e satisfactorio, que garanta a asistencia e calidade sanitaria dos empregados públicos, na que os servizos médicos ofertados non se vexan mermados, senón que, pola contra, melloren as súas prestacións.

Para iso, utilizaremos as medidas de presión que consideremos oportunas e hoxe, CCOO, UGT, ANPE, USO, ADIDE, USIE, UFP, SUP, ACAIP e SIAT, reclamamos na rúa, tanto ao Goberno como ás aseguradoras, unha SOLUCIÓN XA, UN ACORDO que dea tranquilidade e calma para a súa asistencia sanitaria a arredor de 1,5 millóns de persoas. Ademais, esiximos máis transparencia por parte do Goberno e da propia mutualidade en todo este proceso, e a participación dos sindicatos no mesmo.

Os datos:

1.- MUFACE ofrece atención sanitaria a arredor de 1,5 millóns de persoas funcionarias e familiares.

2.- As tres aseguradoras que ata o de agora prestaban este servizo, Adeslas, Asisa e DKV, decidiron non presentarse ao novo convenio (vixente no período 2025-2026) ao considerar que a proposta económica era insuficiente para evitar as perdas neste negocio.

3.- As persoas que están cubertas por MUFACE cada ano deciden quen lles vai dar asistencia sanitaria: unha das aseguradoras privadas do concerto ou a sanidade pública. Nun 72 % dos casos escóllese a sanidade concertada. En concreto, en 2024 un 34 % optou por Adeslas, un 25 % por Asisa (controlada por Lavinia, unha cooperativa de médicos) e un 13,2 % por DKV, propiedade do xigante alemán Munich Re. O restante 28 % optou pola sanidade pública.

4.- Porén, como dato tamén significativo, as novas xeracións do funcionariado, que son menos custosas en termos de atención, están optando maioritariamente polo sistema público. En 2022, dous de cada tres novos funcionarios elixiron ser atendidos na sanidade pública, rexeitando os seguros privados ofrecidos por MUFACE.

5.- As aseguradoras reclaman unha mellora na dotación económica do 40 %. O Goberno publicou uns pregos de contratación cunha suba do 17 %, pero mesmo este forte incremento non abundou para que Adeslas, DKV e Asisa decidiran presentarse.

6.- MUFACE defende que a situación está controlada e que a lei de Contratos do Sector Público bríndalles ferramentas suficientes como para garantir que as aseguradoras privadas van seguir prestando o servizo cando menos ata outubro de 2025 se non houberse unha nova licitación antes.

7.- A migración de todas e todos os mutualistas ocasionará un gran impacto no actual sistema sanitario da Seguridade Social, por iso esiximos que mellore o investimento en sanidade pública para conseguir unha atención de calidade para todas e todos.